


Unidade 4: A Revolución Americana

1. Introducción

A **Revolución Americana (1775-1783)** foi o primeiro gran proceso de ruptura co Antigo Réxime que desembocou na creación dun Estado independente baseado nos principios do liberalismo político. Desenvolveuse nas **Trece Colonias británicas de Norteamérica** e deu lugar aos **Estados Unidos**, un modelo que serviu de referencia para outros movementos revolucionarios posteriores fraguados tanto en Europa como en América.

2. Antecedentes: as Trece Colonias

As **Trece Colonias** eran unha serie de territorios da costa atlántica de Norteamérica pertencentes ao Reino Unido, fundados entre os séculos XVII e XVIII, e que contaban con poboación de orixe maioritariamente británico (aínda que tamén había unha importante presenza de neerlandeses e xente doutras procedencias). A diferenza doutras colonias da época, gozaban dun **notable grao de autogoberno** interno, con asembleas coloniais, e dun considerable dinamismo económico (agricultura, manufacturas, comercio marítimo...).



Non obstante, malia a súa relativa autonomía, estaban sometidas ao **control mercantilista británico**, que limitaba o seu comercio con outros países e as facía depender da metrópole. Co paso do tempo, as colonias foron forxando unha identidade propia, influída polo **espírito ilustrado**, o **protestantismo** e a idea de que eran sociedades con maior igualdade social que as europeas.

3. Causas da Revolución Americana

O estoupido da Revolución Americana foi posible pola conxunción dunha serie de factores políticos, económicos e sociais:

3.2. Factores económicos

- O sistema mercantilista británico **impedía o libre comercio das colonias**, xa que a política económica estaba controlada desde Londres.
- Tras a **Guerra dos Sete Anos** (1756-1763) entre Francia e o Reino Unido, malia a vitoria deste último, os británicos impuxeron novos impostos para sufragar a débeda de guerra (destacan a **Stamp Act** de 1765 ou as taxas sobre o té, o azucre e outros produtos).
- Este empeoramento das condicións económicas para os habitantes das colonias xerou un **profundo malestar**, reflexado no lema **“No taxation without representation”**, é dicir, a non aceptación de impostos se non se concedía a representación no Parlamento británico.

3.2. Factores políticos

- As Trece Colonias **carecían de representación no Parlamento de Londres**, aínda que nel tomábanse decisións que lles afectaban directamente.
- O crecente **control real sobre as súas institucións locais** foi percibido como unha **ameaza ás súas liberdades**.
- **As ideas da Ilustración influenciaron** cada vez máis aos colonos, destacando conceptos como o contrato social e a soberanía popular de John Locke, a separación de poderes de Montesquieu ou a soberanía nacional de Rousseau.

3.3. Factores sociais

- Existía un forte **sentimento comunitario entre os colonos**, reforzado polo mestizaxe cultural e relixioso.
- **A sociedade colonial era máis aberta e móbil** que a europea, e aínda que había diferenzas sociais, non existía unha aristocracia feudal forte, a diferenza do Vello Continente.
- O exemplo das experiencias de autogoberno local e assembleario reforzou a **idea de que podían gobernarse a si mesmos**, sen depender do Imperio británico.

4. O proceso de independencia

O rexeitamento aos impostos británicos ía en aumento, e o símbolo máis visible deste conflito emerxente foi o **Motín do Té de Boston** (1773), unha protesta dos colonos na que un grupo deles, disfrazado de indios, arroxou ao mar cargamentos de té. En resposta a isto, Inglaterra impuxo as coñecidas como “**Leis Intolerables**”, que limitaron a autonomía da colonia de Massachusetts, onde tivera lugar o motín.

En 1774 reuniuse o **Primeiro Congreso Continental en Filadelfia**, onde representantes das colonias reclamaron máis dereitos fronte á metrópole.



4.1. Guerra de Independencia dos Estados Unidos (1775-1783)

Os primeiros enfrontamentos armados que dan inicio á Guerra de Independencia tiveron lugar en 1775, facendo inevitable a ruptura entre las Trece Colonias e a súa metrópole, o Reino Unido. En 1776, o **Segundo Congreso Continental**, reunido en Filadelfia, deu un paso decisivo coa proclamación da **Declaración de Independencia** (4 de xullo), redactada principalmente por **Thomas Jefferson**, na que se afirmaban os dereitos naturais dos individuos e a soberanía do pobo fronte á autoridade da coroa británica.

A guerra enfrontou aos colonos, organizados baixo a dirección de **George Washington**, contra o exército británico, moi superior en número e recursos. Sen embargo, os colonos recibiron un apoio fundamental de **Francia, España e os Países Baixos**, que vían no conflito unha oportunidade para debilitar a Inglaterra, e que foron decisivos para equilibrar forzas.

Finalmente, o conflito rematou coa sinatura da **Paz de París en 1783**, mediante a cal Gran Bretaña recoñeceu oficialmente a independencia dos Estados Unidos. O novo país convertíase así na primeira gran colonia americana en romper os vínculos coa súa metrópole europea, converténdose nun modelo político e ideolóxico de referencia para os movementos revolucionarios posteriores.

5. A organización política dos Estados Unidos

Nun primeiro momento, as colonias organizáronse como unha **confederación feble**, con gran autonomía de cada un dos Estados membro e un goberno central limitado e pouco eficaz. Ante a necesidade de fortalecer o novo país, aprobouse en Filadelfia a **Constitución de 1787**, a primeira de carácter liberal.

A nova Constitución estadounidense establecía unha federación de Estados con **soberanía nacional**, numerosos **dereitos fundamentais** (complementados en 1791 coa *Bill of Rights* ou Declaración de Dereitos) e **división de poderes**. O lexislativo estaría en mans dun Congreso bicameral (composto por Senado e Cámara de Representantes), o executivo correspondería a un Presidente elixido cada catro anos, con amplas competencias, e o xudicial exerceríano tribunais independentes, existindo tamén un Tribunal Supremo a nivel federal.

Este modelo político converteuse nun referente para o liberalismo posterior, tanto para Europa como para o resto de América.

6. Consecuencias da Revolución Americana

A Revolución Americana foi máis ca un conflito pola independencia dunhas colonias, xa que significou a primeira aplicación a gran escala dos ideais ilustrados e do liberalismo político, amosando que era posible construír unha nova orde baseada na soberanía nacional, na división de poderes e nos dereitos dos cidadáns.

Nos propios **Estados Unidos**, esta revolución supuxo o nacemento dunha nova nación independente e dun novo sistema, consolidándose unha república federal con institucións estables. Tamén sentou as bases da expansión cara ao oeste e do posterior crecemento económico e políticos dos Estados Unidos.

Fóra do país este conflito inspirou aos **movementos liberais e revolucionarios europeos** (Francia, España...), serviu de exemplo para os procesos de **independencia doutras rexións do continente americano** e confirmou que os **principios ilustrados** polían aplicarse na práctica política.